

- 1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega poderá ser escolleita pola intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
- 2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

- 1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.
- 2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.
- 3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade conlevará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.
- 4.- Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

- 1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
- 2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
- 4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

#### XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

- 1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2017 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2016. Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2017, autorice o correspondente Orzamento.
- 2.- Previa solicitude da Real Academia Galega, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
- 3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XIV.- Natureza, Interpretación, modificación e xurisdicción competente.

- 1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
- 2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.
- 3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordó plenario de data 25 de novembro de 2016

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.



O PRESIDENTE, P.D.  
DEPUTADA DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Asdo.: Goretti Sanmartín Rel

O PRESIDENTE DA REAL ACADEMIA GALEGA



Asdo.: Xesús Alonso Montero



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA  
SERVIZO DE PATRIMONIO Y CONTRATACION



REAL ACADEMIA GALEGA

Número 187 /2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A REAL ACADEMIA GALEGA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN DO ANO 2016.

Na Coruña, a 5 de decembro de 2016

REUNIDOS

Dona Mª Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia num. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

D. Xesús Alonso Montero, Presidente da Real Academia Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro.

2.- De conformidade co artigo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega:

- Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización lingüística en Galicia, do Parlamento de Galicia.
- Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.
- Velar polos dereitos do idioma galego.
- Defender e promover o idioma galego.
- Asesorar aos poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.
- Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.
- Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o día das letras galegas.

3.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- Que a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

#### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega (Q1568003F) para financiar a Programación do ano 2016, que se indica a continuación:

Actividade 1: XXIX Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras. Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia.

Actividade 2: Edición dixital de *La Tribuna. Cuadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, número 10.

Actividade 3: Revisión e publicación de *A Sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística en Galicia (1992-2013)*.

Actividade 4: Recital Amancio Prada.

Actividade 5: Proxecto Primavera das Letras.

Actividade 6: Publicacións.

Actividade 7: Gastos indirectos

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

*[Handwritten signature]*

A Real Academia Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

**Actividade 1:** XXIX Cursos de verán de lingua e cultura galegas. Galego sen fronteiras. Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia.

45 bolsas de estudos (42 de 350 € e 3 de 500 €)	16.200,00.-
Desprazamentos, gastos de viaxe etc.	2.524,81.-
Actividades varias	2.364,30.-
Docencia e prácticas	9.200,00.-
Palestras	1.200,00.-
Papelería e outros	437,27.-
Secretaría, dirección e administración	2.270,58.-
<b>Total actividade 1</b>	<b>34.196,96.-</b>

**Actividade 2:** Edición dixital de *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, número 10.

Maquetación de textos	600,00
Alta dominio de <i>La Tribuna</i>	15,90
<b>Total actividade 2</b>	<b>615,90</b>

**Actividade 3:** Revisión e publicación de *A Sociedade galega e o Idlomo. A evolución sociolingüística en Galicia (1992-2013)*.

Revisión e edición de textos	3.000,00
Maquetación e impresión da publicación	2.320,00
<b>Total actividade 3</b>	<b>5.320,00</b>

**Actividade 4:** Recital Amancio Prada

Impresión de dípticos convite	90,06
Sistema de grabación	87,12
Reserva de hotel Amancio Prada	82,30
Reserva vóos Amancio Prada	176,76
Arranxos florais recital	90,00
Gastos fotográficos	6,00
<b>Total actividade 4</b>	<b>532,24</b>

**Actividade 5:** Proxecto Primavera das Letras.

Primavera das Letras	7.750,05
<b>Total actividade 5</b>	<b>7.750,05</b>

**Actividade 6:** Publicacións.

Antoloxías das Irmandades da Fala	3.900,00
Recompilación traballos de Elsa Gonçalves	3.100,00
<b>Total actividade 6</b>	<b>7.000,00</b>

**Actividade 7:** Gastos Indirectos.

Gastos indirectos	7.084,85
<b>Total actividade 7</b>	<b>7.084,85</b>

**Total gastos 62.500,00 €**

**III.- Financiamento provincial e outros Ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega.

**VI.- A xustificación necesaria para reclbir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsación deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se delxe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2016.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2017.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradelo prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante Ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle correspondía, a Real Academia Galega terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Real Academia Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día do cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Real Academia Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**